



## **EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22 de xaneiro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

### **Lista de Asistentes**

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 22 de xaneiro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15/01/2018, que se aprobou por unanimidade.

### **Propuestas**

#### **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

##### **PRP2018/173**

Dáse conta da proposta de convenio coa Comunidade de Herdeiros de Dona Enriqueta López Ballesteros, para o aluguer de parcelas en Avda. López Ballesteros e Rúa Nova de A Torre con destino a aparcamento, por unha contía anual de 3.000 € e cun prazo de duración de tres anos prorrogables. Os propietarios resérvanse a utilización de 2.700 m<sup>2</sup> como aparcamento de uso privativo. Así mesmo o Concello comprométese a manter en condicións óptimas de limpeza 3 fincas. Tamén o Concello realizará a reposición dun muro de peche existente na aliñación indicada no PXOM de Vilagarcía..

A Xunta de Goberno Local acorda aproba e autorizar a sinatura do citado convenio e posterior sinatura do contrato de aluguer.

##### **PRP2018/174**

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público e o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o Servizo de asesoramento técnico de xestión enerxética, revisión de facturación mensual e uso/soporte de software de xestión enerxética, ao Enxeñeiro Industrial **D. Antonio Capelo García**, por un importe de 4.800,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 1.008,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación de 5.808,00 € (IVE incluído), cunha duración máxima de un ano, con cargo á partida 165.22706.

##### **PRP2018/175**



Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Vías e Obras Públicas, en relación coa necesidade de reposición de valos peonís para os distintos Servizos Municipais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Baygar, S.L.** para subministro de 300 unidades de valos peonís, por un importe total de 9.075,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/178**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Lameiro Barreiro, como Presidente e en representación de **Comunidade de Propietarios Rúa Nogueira 19-21**, solicitando se proceda á colocación de pasos de peóns elevados na zona co fin de evitar o exceso de velocidade dos vehículos.

Dáse conta de informe da Policía Local no que consideran a procedencia de construción de beirarrúas nos tramos onde non existe, o pintado de estacionamentos onde o permita o ancho da calzada e a construción de pasos de péons sobreelevados nas Rúas Nogueira, Castiñeiro e Limoeiro, para o que sería necesaria a realización dun proxecto de obra.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar traslado á Xerencia de Urbanismo aos efectos de que polo Enxeñeiro Técnico se estude o indicado pola Policía Local.

#### **PRP2018/179**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Eladio Lema Gómez** en relación coa sinalización na Rúa Bouza de Cea, intersección coa PO-305.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a sinalización horizontal de stop así como ao traslado e reorientación do espello existente para facilitar a visibilidade da saída.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez) e Policía Local.

#### **PRP2018/180**

Dáse conta da próxima remisión ás persoas xurídicas con domicilio neste Concello da obriga de relacionarse electronicamente co Concello de Vilagarcía de Arousa a través da sede.vilagarcia.gal a partir do 1 de abril de 2018 (excepto Xestión Tributaria e sancións de Tráfico).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/232**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Mariano Dos Santos Dos Santos**, solicitando autorización para instalar un inchable na Praza da II República os días 26, 27 e 28 de xaneiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a instalación, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/233**

A Xunta de Goberno Local acorda requirir a **Telefónica Telecomunicaciones Públicas, S.A.**, para que proceda á retirada dos tres teléfonos públicos (cabinas) situados na Praza de Galicia (fachada ABANCA), e dúas na Avda. da Mariña (diante da Praza da Peixería e diante do Banco Santander).

#### **Emprego**

##### **PRP2018/190**

Dáse conta da publicación no DOG de 12 de decembro de 2017, da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da RISGA, e se aproba a convocatoria para o ano 2018.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da citada Orde, dunha subvención total de 125.702,85 €, para a contratación de 20 traballadores/as desempregados/as durante 7 meses, a xornada completa:
  - 10 Peóns Obras Públicas
  - 10 Peóns forestais

Aprobar unha aportación municipal de 45.376,80 €.

##### **PRP2018/191**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria, dunha subvención total de 53.536,32 €, dentro do Programa de Fomento do Emprego e Mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais 2018, para a contratación de 12 traballadores/as desempregados/as a xornada completa durante tres meses, para o Servizo de Salvamento e Socorrismo 2018, cunha aportación municipal de 1.109,88 €.

##### **PRP2018/192**

Dáse conta do peche do Programa de Axudas Municipais á Contratación por conta allea Concello de Vilagarcía 2017, no que foron presentadas na Concellería de Promoción Económica 19 solicitudes de axuda, das que 15 das contratacións efectuadas polas empresas solicitantes, cumpría os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas, cunha contía total de axudas concedidas de 34.250,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



#### **PRP2018/73**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de Clarinete a impartir polo clarinetista D. Esteban Valverde Corrales, os días 21, 22 e 23 de febreiro de 2018, na Aula 2.1 do primeiro andar do Auditorio, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes.

Así mesmo acórdase autorizar a elaboración de dípticos, carteis e diplomas acreditativos a través da Área de Comunicación.

#### **PRP2018/205**

Vista a solicitude da **Asociación de Diminuídos Psíquicos “Con Eles”**, e a proposta da Directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso do vestíbulo da Casa de Cultura para a realización da actividade “Clube de lectura doada”, os xoves, dende o 25 de xaneiro ata o 14 de xuño, en horario de 11:30 a 12:30 horas.

### **Sanidade**

#### **PRP2018/74**

Dáse conta do escrito presentado por D. Daniel Ramil Díaz, como Delegado Local da **Asociación Provincial de Taxistas de Pontevedra Capital e Municipios da Provincia**, solicitando que polo Concello se proceda á retirada da cabina situada na parada de taxi da Rúa Conde Vellellano, por estar en desuso ao existir os servizos de radiotaxi/teletaxi no Concello, e ser a través destes servizos a onde os usuarios solicitan o servizo de taxi.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que, de estar todas as licenzas incluídas no servizo de radiotaxi/teletaxi, procederá polo Concello á retirada da cabina e a Asociación á baixa da liña telefónica, unha vez se xustifique ante o Concello que todos os titulares de licenzas de taxi dispoñen do servizo radiotaxi/teletaxi.

### **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

#### **Medio Ambiente**

#### **PRP2018/194**

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente e co fin de levar a cabo unha campaña de concienciación ambiental, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Teimas Desenvolvemento, S.L.** a implantación da citada campaña, ata o 30 de novembro de 2018, de conformidade coa proposta presentada, por un importe total de 18.997,00 € (IVE incluído), a pagar en 10 mensualidades, con cargo á partida 170.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/195**

Dáse conta de escrito da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, comunicando a aprobación da nova Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, que entrou en vigor o día 11 de xaneiro, achegando un pequeno díptico informativo da citada Lei.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



## **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

### **Sanidade**

#### **PRP2018/197**

Dáse conta da comunicación pola FEGAMP de que, en data 15 de xaneiro, se deu a orde do pago final do Convenio de Asistencia a Drogodependientes, asinado o 7 de Novembro de 2017, correspondente ao 65,8% da subvención total asignada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2018/198**

Vista a solicitude de Dona Patricia Doldán Candamio, en representación de **Banco Mediolanun** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio Municipal o día 24 de xaneiro en horario de 19:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha charla informativa sobre mercados, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Seminario 1: 3 horas a 10,20€/hora: 30,60€.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

#### **PRP2018/199**

Vista a solicitude de D. José Artiaga Barreira, en representación da **Fundación Artiaga**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 2, 3, e 4 de febreiro de 2018, durante todo o día para a celebración dunha actividade multidisciplinar MERCART do programa AAN, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal solicitada (mesas, cadeiras, etc.), segundo as disponibilidades do Servizo correspondente.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras, Encargado do Auditorio e Area de Comunicación.

#### **PRP2018/200**

Vista a solicitude de **CONDETRESPES, S.L.**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala Principal do Auditorio Municipal o día 11 de maio de 2018, durante todo o día, para a representación da obra "Somos Criminais", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de



conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

A venda de entradas será a través da canle de TICKETEA, polo que se lle comunica que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

Os prezos das entradas serán os seguintes:

- Venda anticipada: Zona A 12 €; Zona B 10 € e Zona C 8 €

- Prezos taquilla: Zona A 15 €; Zona B 12 € e Zona C 10 €.

Sinalarlle, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Así mesmo deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

Salón de Actos	1 día	264,70 €/día	264,70 €
Persoal de taquilla	2 persoas x 4 horas: 8 horas	10,20 €/hora	81,60 €
Responsable de Sala	10 horas /estimativas	10,20 €/hora	102,00 €
2 operarios de apoio	10 horas estimativas x 2: 20 horas	10,20 €/hora	204,20 €
Conserxe	2 horas (de 22:00 a 24:00 horas)	10,20 €/hora	20,40 €
<b>TOTAL</b>			<b>672,70 €</b>

Dar conta ao Departamento de Rendas”

## **PRP2018/201**

Vista a solicitude de D. Claudio Quintillán Vallejo, en representación de **Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 24 de febreiro de 2018, en horario de 9:30 a 14:00 horas, para a celebración dunha asemblea xeral, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

## **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

### **PRP2018/62**

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico Industrial D. Oscar Álvarez González, en relación coa necesidade de realización de nova canalización da rede eléctrica no tramo afectado polas obras de mellora no Paseo Marítimo da Praia de Compostela, mediante canalización de PVC Ø 75 mm., en gabiá de profundidade mínima de 30 cm., con instalación de arquetas de rexistro cada 30 m. e condutores de alimentación ás luminarias en disposición trifásica con cable designación RV-K 0,6/1 kV de sección 4x16 mm<sup>3</sup> + 1x16 mm<sup>3</sup>, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar as citadas obras á Empresa **Grupo Tragsa**, polo importe total de 18.062,18



€ (IVE incluído), con cargo á partida 165.62900, por ser a empresa que está a executar a obra principal de Melloras no Paseo Marítimo.

#### **PRP2018/202**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os traballos para realizar un cambio no trazado da rede de abastecemento de auga afectado pola obra “Desvío de canalizacións no entorno de Rúa Miramar – Vilaxoán”, á Empresa Espina & Delfín, S.L., por un importe total de 713,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210, de conformidade coa oferta presentada.

#### **PRP2018/203**

Dáse conta de comunicación da aprobación do reparto definitivo do crédito ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019), correspondendo ao Concello de Vilagarcía de Arousa para financiamento das solicitudes acollidas a dito plan, as seguintes cantidades:

- Exercicio 2018: 1.411.508,20 €
- Exercicio 2019: 1.000.024,88 €

Así mesmo con respecto ao prazo de presentación de solicitudes sinalan:

- As correspondentes ao exercicio 2018 e gastos plurianuais de 2018-2019, deberán presentarse no prazo de 3 meses dende o día seguinte ao da publicación no BOP nº 3 de 4 de xaneiro de 2018.
- As correspondentes so ó exercicio 2019 – se non se optou pola opción de gastos plurianuais, deberán presentarse nos meses de novembro e decembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

#### **PRP2018/234**

Acórdase o pago non orzamentario a favor de **Sanitas S.A. de Seguros** correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de xaneiro de 2018 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 119,43€, na aplicación non orzamentaria 20502.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.